

# Como mentir e quedarse tan ancho



Despois de ler a entrevista no Faro de Vigo de Leonado Cabaleiro, novo secretario xeral do PSdG-PSOE de Redondela non nos queda outro remedio que facer un breve comunicado, que titulamos “como mentir e quedarse tan ancho”. Dicur tamén que lamentamos as declaracións do novo líder, e recomendámoslle que para comezar un proxecto novo necesítase analizar o que se fixo mal, non botarlle a culpa do fracaso a outros, ou quizais sexa esa a súa nova estratexia electoral? Sorte.

Resultados electorais de Redondela anos 2007 e 2011.

	PP	PSOE	BNG	AER	PGD	FPG	EU
2011	6635	4962	1642	832	631	613	263
2007	4810	4413	1912		1591		632

Analizando estes datos vemos que o PP acadou 1825 votos máis, mentres que o PSOE subiu 549 e o BNG baixou 270. Se facemos a conta o PP sacou 1546 votos máis nestas eleccións que o PSOE e BNG xuntos, AER 832.

Vemos tamén como o señor Eduardo esquecese de datos como:

1º .- Os 1.591 votos do Partido Galeguista, 2 concelleiros na anterior lexislatura. (PG de esquerdas?)

2º.- O PP foi nas dúas lexislaturas o partido máis votado, nesta última ten máis votos que PSOE + BNG xuntos!

3º.- Chamarlle 600 ao que son 549 (redondear para arriba, como os bancos)

4º.- Culpar a AER dunha “alianza” inexistente, por exemplo se nos atemos ao que veñen votando cada un dos grupos nos plenos municipais: Alianza foi a que tiñan PSOE e BNG cando repartiron o Concello en dúas parcelas incomunicadas nas que cada quen facía o que lle parecía ata o punto de contar con dúas secretarías (1 para o alcalde e ½ para o xefe do BNG). **A única alianza de AER é coa súa promesa nas eleccións: non pactar con ninguén.**

5º.- Encherse a boca dicindo que hai cartos:

Informe do interventor respecto de 2010:

Capítulo 4º-Transferencias correntes: recoñecéronse obrigas por importe de 774.567,09 € sobre 909.240,41 € de créditos definitivos (un 85,19 %) supoñendo un 3,57 % do total das obrigas recoñecidas.

1. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS.....	20.417.034,82 €
2. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS.....	21.709.773,83 €
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO SEN AXUSTAR....</b>	<b>-1.292.739,01 €</b>

Obtense polo tanto un **Resultado Orzamentario axustado** de **-876.012,62 €**.

**REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS..**

**-280.392,88 €**

Parece esquecer que esta cantidade supuxo a realización dun pleno para incluíla nos presupostos de 2011. POR QUE?. Faga memoria, porque **non se podía xa recorrer a crédito**.

Claro que se o Sr. Leonardo insiste en poñer como positivo os máis de 8 millóns de “dubidoso” (mais ben imposible) cobro sáenlle as contas. Tamén podería explicar como unhas contas tan positivas do 2010 non foron aprobadas en tempo e forma e houbo que aprobalas tarde, mal e arrastro.

Cuarta: Consecuencias

De acordo cos datos expostos, o orzamento liquidouse nunha situación de inestabilidade orzamentaria por importe de 2.590.315,26 € debido principalmente a que se produciu maiores obrigas recoñecidas que dereitos recoñecidos, situación que se ve agravada polos axustes realizados.

A esta cantidade hai que aplicarlle o axuste recollido no acordo da subcomisión de réxime económico, financeiro e fiscal, da Comisión nacional de Administración Local, de 28 de abril de 2011, en relación coa aplicación da normativa de estabilidade orzamentaria ás liquidacións dos orzamentos xerais das entidades locais, correspondentes ó exercicio 2010. Dito acordo consiste basicamente en que para a liquidación deste ano se permite un déficit dun 5,53% respecto dos ingresos non financeiros. Os ingresos non financeiros do Concello no ano 2010 ascenden a 15.876.804,30 € e a porcentaxe indicada ascende a 877.987,28 €.

Por tanto, a inestabilidade (déficit) que presenta o Concello ascende a **1.712.327,98 €**.

**Debería explicar por que prescribiron 1.2 millóns de euros que xa non van cobrar nunca os provedores do Concello.**

Debería tamén explicar o Sr. Leonardo respecto das contas cal foi a situación dos padróns de cobro das diferentes taxas. Lembrará a polémica sobre a cantidade de “non pagos” que ocorren neste Concello.

## **EXERCICIOS PECHADOS**

### **I. DEREITOS A COBRAR DE ORZAMENTOS PECHADOS**

**EXERCICIO 2009**

11200 De natureza rústica	2.199,97 €
11300 IBI URBANA	385.332,59€
11400 Imposto s/incremento valor terreos natureza urbana	8.764,79€
11500 Imposto de vehículos de tracción mecánica	279.629,05€
13000 Impostos sobre actividades empresariais	27.483,31€
13002 Impostos sobre actividades profesionais e artíst 1	2.419,44€
30200 LIXO	663.444,50€
32600 TAXAS E OUTROS INGRESOS Taxa p/inmobilización ou retirade vehículos	2.750,80€
33100 TAXAS E OUTROS INGRESOS Taxa entrada de vehículos e resv.aparcamentos	42.530,78€
33200 TAXAS E OUTROS INGRESOS Taxa tuberías-tendidos gas,electricidade,Tlfn.	31.904,04€
33903 TAXAS E OUTROS INGRESOS Taxa instalac.postos, barracas, atraccións, espect	52.685,03€
39120 Outros ingresos-multas urbanismo 5	6.284,00€

Tal vez deberíamos recordarlle como se deixaba de recadar impostos na gloriosa época da bicefalia PSOE-BNG. Quizais estes son os cartos que el cree que hai no Concello pero o certo é que a despreocupación dos seus compañeiros de partido, ao igual que a dos seus socios de goberno, levou ás arcas do Concello á situación na que se atopa. Tamén lle recordaremos que a súa altura de miras levoulle a pretender prorrogar uns orzamentos tan irrealis que nin o glorioso Xaime Rei, dende os seus mundos de Yupi, podería crer que se podían executar.

**E despois de non facer nada durante cinco meses !, nin unha soa aportación!** para mellorar a proposta do PP. **(En cinco meses!!)** agardou á **última quenda de palabra** do pleno extraordinario para ofrecer a colaboración do seu grupo para a elaboración dun orzamento novo!, é de risa, ou lamentable, depende de como se mire.

Poderá, esperamos que pronto, explicar o sobrecuste da piscina de Chapela, e xa de paso a política de contratación de subministros que levaban os gobernantes, autochamados de esquerdas, esquerdas baixo “palio” por certo. Indicando o por qué do pagamento do gasóleo e electricidade da piscina de Redondela e o do parking para os concelleiros, “OU DAS FACTURAS PENDENTES DE PAGO QUE HOUBO QUE APROBAR NUN PLENO EXTRAORDINARIO”.

**Lembrarlle tamén uns numerións, pequenos:**

4. **Saldos de dubidoso cobro**..... 8.938.718,10 € (si si, case nove millóns)

**E algo dos presupostos de 2012:**

Xuros de préstamos a corto prazo	377.004,78 €
Amortización préstamo caixa anticipos da Dep. Provincial	16.376,25 €

Amortización de préstamos	992.517,42 €
TOTAL	1.385.898,45 €

*Practicamente o 7% do orzamento son gastos financeiros.*

Lembrará que, aconsellados polo informe de intervención, non se acudiu á solicitude de máis crédito financeiro por mor do límite de débeda neste aspecto no que nos atopabamos, e no que aínda nos atopamos.

Non falaremos nesta ocasión do caos urbanístico, chanchullada xeralizada de ilegalidades que ocorreu por arte de maxia sen que os gobernantes “zurdos e xordos” se decatasen.

Coñece estas contas Sr. Leonardo? Proceden de intervención e correspóndense con eses datos tan positivos que vostede menciona.

En todo caso, **dende AER estamos encantados desa febre que lles entrou a tódolos partidos pola “participación” e sobre todo pola “transparencia”**. Oxalá puidéramos estar tan satisfeitos coa posta en práctica deses principios aos que agora se acollen vostedes e, como non, tamén os do PP. De momento deixan moito que desexar uns e outros. Vostedes (tampouco o BNG) non aprobaron unha proposta para controlar as pequenas contratacións de obras e servizos, e menos mal que despois de varios intentos conseguimos sacar o control sobre as contratacións de persoal, esas das que agora se queixan os do PP.

A modo de Barrio Sésamo podemos explicar a diferenza entre abstención e alianza, pois parece que algúns non a saben:

O que fixo AER foi absterse. Alianza é:

*Santa Cruz de La Palma, EFE.* El PSOE y el PP han sellado hoy en nueve de los catorce ayuntamientos de la isla de La Palma su pacto de gobierno para los próximos cuatro años, que ha desplazado en la mayoría de las alcaldías de estos municipios a Coalición Canaria.  
<http://eldia.es/2011-06-11/ELECCIONES/32-PSOE-PP-sellan-pacto-municipios-Palma.htm>

“El PSOE lo mejor que puede hacer es callarse y no criticar a la federación por estos pactos cuando los socialistas han favorecido alcaldías del PP en 41 localidades”, según ha explicado en declaraciones a RNE el histórico dirigente de IU.

<http://www.minutodigital.com/2011/06/14/julio-anguita-el-psoe-deberia-explicar-sus-pactos-con-el-pp-en-ayuntamientos/>

*Uno de los casos es el de Cangas del Narcea (Asturias), donde IU, siendo la lista con más votos, no contó con el respaldo del PSOE, que se lo dio al PP para que este partido se hiciera con el bastón de mando.*

AER non está aliado con ninguén. E non por falla de propostas, porque aínda que os primeiros en propoñelo foron vostedes, tampouco nos faltan propostas dos outros. **Pero nós apostamos pola independencia, co cal cando as súas propostas son realmente de esquerdas, apoiámolas, así que, por favor, fagan máis.**

Tamén nesa estupenda entrevista comenta: “No planteamos la posibilidad de una moción de censura, pero tampoco la descartamos”. Recordámoslle que antes da sesión de investidura, e a sabendas da abstención de AER o PSOE díxonos que: “non ía a apoiar ningunha moción de censura, que se decidíamos absternos ían a deixar que o partido gobernante cumprise os seus anos de mandato”. Por descontado que se vostede, Cabaleiro, encabeza tal proposta a resposta e non!!

E deixamos no caixón cousas pequenas como o camaleón, a fonte piramidal, a cementeira ilegal de Vilar, as obras do AVE que non cumpriron nin a declaración de impacto ambiental nin a prohibición de traballar de noite, sen que seu suposto goberno de esquerdas aplicara ningunha sanción cando tiñan todas as potestades para facelo, e os que gobernan agora tampouco se atreven a sancionalos, certamente cada día esta máis claro o que son e a servizo de quen están vostedes e os seus substitutos do PP.....

E o auditorio José Figuroa que se estiveron anos pagando as facturas cando xa pertencía a Xunta e era esta quen debería de pagar porque vostedes non fixeron os deberes, cousa que se corrixiu fai moi pouquiño en pleno. Que mais da!! como paga Juan Pueblo.

E non nos esquezamos que cando AER propuxo reducir o xornal do alcalde vostedes señores do PSOE votaron en contra non vaia a ser que si algún día volven a coller o bastón non lles saia a conta!!

E para acabar un pequeno recordatorio do estado da débeda no 2010:

## ESTADO DE LA DEUDA. CAPITALES

### 1.1) DEUDAS EN MONEDA NACIONAL

Identificación de la Deuda	Pendiente a 1 de Enero	Creaciones	Amortiz. y Otras Disminuciones	Pendiente a 31 de Diciembre		
				Largo Plazo	Corto Plazo	Total
<b>Deudas con Entidades de Crédito</b>						
2000-02 - PTMO.NOVACaixaGalicia nº 5005261841	189.599,98	0,00	68.945,48	51.709,02	68.945,48	120.654,50
2000-03 - PTMO. Banco SANTANDER/BSCH 3/00	211.510,66	0,00	65.080,24	81.350,18	65.080,24	146.430,42
2001-01 - PRESTAMO BANESTO nº 0000214520	290.890,00	0,00	72.722,44	145.445,12	72.722,44	218.167,56
2002-01 - PTMO.Banco Santander/BSCH nº 2116110149	445.350,00	0,00	93.757,88	257.834,24	93.757,88	351.592,12
2002-02 - PRESTAMO BANESTO nº 00306156200200359	142.523,73	0,00	0,00	128.271,37	14.252,36	142.523,73
2004-02 - PTMO. BBVA/BCL para Inversiones 2004 - 2/04	1.156.735,27	0,00	165.247,88	826.239,51	165.247,88	991.487,39
2006-01 - PTMO. BBVA/BCL INVERSIONES 2006 1/06	900.000,00	0,00	100.000,00	700.000,00	100.000,00	800.000,00
2007-01 - PTMO. BBVA/BCL para INVERSIONES 2007 - 1/07	600.000,00	0,00	45.000,00	495.000,00	60.000,00	555.000,00
2008-01 - PTMO. BBVA/BCL para INVERSIONES 2008 - 1/08	840.000,00	0,00	0,00	756.000,00	84.000,00	840.000,00
2009-01 - PTMO. BBVA/BCL para INVERSIONES 2009 - 1/09	386.203,98	0,00	0,00	386.203,98	0,00	386.203,98
<b>Total:</b>	<b>5.162.813,62</b>	<b>0,00</b>	<b>610.753,92</b>	<b>3.828.063,42</b>	<b>724.006,28</b>	<b>4.552.069,70</b>
<b>Deudas con Entidades Públicas</b>						
2001-675 - PRESTAMO O.A.CAIXA ANTICIPOS EXPDTE 675/01	12.261,00	0,00	11.103,86	0,00	1.157,14	1.157,14
2003-706 - PRESTAMO O.A.CAIXA ANTICIPOS EXPDTE 706/03	43.454,78	0,00	10.863,70	21.727,36	10.863,72	32.591,08
2004-726 - PRESTAMO O.A.CAIXA ANTICIPOS EXPDTE 726/04	27.562,78	0,00	5.512,55	16.537,68	5.512,55	22.050,23
2010-02 - DEUDA CON ENTIDADES PUBLICAS LIQ-2008	1.100.095,63	0,00	0,00	880.076,47	220.019,16	1.100.095,63
<b>Total:</b>	<b>1.183.374,19</b>	<b>0,00</b>	<b>27.480,11</b>	<b>918.341,51</b>	<b>237.562,67</b>	<b>1.155.894,08</b>
<b>Total General:</b>	<b>6.346.187,81</b>	<b>0,00</b>	<b>638.234,03</b>	<b>4.746.394,93</b>	<b>961.568,95</b>	<b>5.707.963,78</b>